Exercicios de reforzo

Sintaxe da lingua galega (1): unidades e funcións sintácticas da frase. As funcións da cláusula

Xoán e María quedaron para estudar sintaxe. A María sempre lle gustou moito descompoñer as cousas ata as unidades máis pequenas; xa de nena desmontaba os xoguetes, os reloxos, trataba de adiviñar o funcionamento de todos os mecanismos. E isto mesmo acontécelle coa lingua: ten unha habilidade moi boa para descompoñer os enunciados nas súas unidades constitutivas.

1. Posto que Xoán non domina ben este asunto, María explicoulle a Xoán que a lingua pode descompoñerse en unidades cada vez menores, ata chegar a unidades mínimas, como se se tratase do mecanismo de funcionamento dunha máquina. Para ver se o entende, María preguntoulle ao seu amigo cales son as unidades que se manexan no estudo da sintaxe. Que lle debe responder Xoán?

2. María quixo deixar claro un aspecto que lle parecía importante, así que lle preguntou a Xoán: que diferencia o estudo sintáctico do estudo morfolóxico? Que debe responder Xoán?

3. María puido comprobar que Xoán coñecía os aspectos básicos da sintaxe, así que se animou a preguntarlle pola unidade frase. Que dous grandes tipos de frases se coñecen tendo en conta a estrutura?

4. Sorprendida pola rapidez da resposta, María preguntou directamente polos tipos de frases que se poden recoñecer tendo en conta a estrutura MOD – NUC ou NUC - MOD. Que responderías ti?

5. Ante esta resposta, María proseguiu: Que outros dous tipos de frases nos restan por considerar? Cales son as súas características?

6. Chegados a este punto, María quixo preguntar polas unidades inmediatamente superiores á frase. Cales son? Que característica principal teñen?

7. María deixou para outro momento o estudo dos tipos de cláusulas, así que empezou a preguntar directamente polas funcións que actúan ao redor do PRED. María explicoulle a Xoán que cando unha persoa se dirixe a outra para, por exemplo, darlle algún obxecto, está a reproducir no discurso diversas funcións. Así, no exemplo “Eu dareiche un agasallo esta tarde”, cales son as funcións que interveñen?

8. María quixo que Xoán reparara no SUX do exemplo anterior. Os dous observaron que o SUX “eu” está explícito. María pediulle a Xoán (1) que o faga implícito, (2) que constrúa ese mesmo exemplo facendo a cláusula impersoal, e (3) que constrúa ese mesmo exemplo facendo a cláusula con SUX indeterminado.

9. María continuou coa explicación das funcións clausais e reparou en que existe unha función que aparece porque a require obrigatoriamente un verbo. Cal é? Pon un exemplo.

10. Unha das funcións que Xoán non acababa de entender é o PVO. María recomendoulle que lese con atención os apuntamentos e que, despois, respondese este exercicio: nos seguintes exemplos, identifica cal é ATRIB, cal CCM e cal PVO:

- Os atletas están cansos.
- Os atletas correron animados.
- Os atletas correron velozmente.

Solución:

1:

As unidades da primeira articulación, é dicir, aquelas que posúen significado e significante: a palabra, a frase, a cláusula e a oración.

2:

O estudo morfolóxico analiza a palabra e os seus constituíntes, é dicir, as “pezas” que permiten a creación, construción ou formación das palabras. É dicir, analiza a palabra desde o punto de vista paradigmático (é dicir, tendo en conta unha palabra e todas aquelas que poderían aparecer no seu mesmo lugar dentro do discurso falado ou escrito).

O estudo sintáctico, en cambio, analiza as unidades superiores que se forman, precisamente, tendo en conta como unidade mínima a palabra. Polo tanto, estuda as palabras desde o punto de vista sintagmático, é dicir, da relación que manteñen entre si as palabras, o que dá lugar a unidades maiores do discurso (frase, cláusula e oración).

3:

Tendo en conta a estrutura, recoñécense as frases simples e as compostas; son compostas aquelas que no seu interior presentan unidades do seu mesmo tipo, é dicir, outras frases, e son simples as que non as presentan.

4:

Responden a esta estrutura as frases substantivas, adxectivas e adverbiais, que estarán determinadas segundo o NUC sexa un substantivo, un adxectivo ou un adverbio, respectivamente.

5:

As frases nominais e as preposicionais. As primeiras están formadas por un DET (determinante) e un NOM (pronome, substantivo ou frase substantiva), e as segundas por un DIR (preposición) e un TERM (substantivo, frase substantiva, frase nominal).

6:

A unidade inmediatamente superior á frase é a cláusula, e ten como característica principal o feito de que esixe a presenza de polo menos un verbo que actúe como núcleo rexente, denominado PRED.

7:

SUX: Eu / PDO: darei / CI: che / CD: un agasallo / CC T: esta tarde

8:

(1): Dareiche un agasallo esta tarde

(2): Hai un agasallo esta tarde

(3): Darase un agasallo esta tarde

9:

O SUPL. Por exemplo, “falar de”: *María e Xoán falaron de sintaxe case toda a tarde*.

10:

- Os atletas están cansos: ATRIB.
- Os atletas correron animados: CPVO.
- Os atletas correron velozmente: CCM.